

**CONSERVATORIO PROFESIONAL
DE MÚSICA DE OURENSE**

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE HISTORIA DA MÚSICA

GRADO PROFESIONAL

CURSOS 4º

2007-2008

1- ENMARCACIÓN

Materia: Historia da Música

Curso: 4º curso

Grado: Profesional

2.- INTRODUCCIÓN

A materia de “*Historia da Música*” integrada nos cursos 4º e 5º do Grado Profesional ten como finalidade principal introducir ó alumno no descubrimento da existencia dun extenso abanico de estilos e de diferentes modos de concebir a creación musical. Deste xeito resultaralles máis sinxelo abordar outras materias, como “*Análise*” e “*Harmonía*”, e ampliar a súa comprensión.

Asemesmo, permite aproximar ós alumnos unha visión do feito musical como fenómeno histórico, cultural e estético, ampliando a perspectiva que sólo entende a música desde o punto de vista do dominio técnico.

A finalidade da materia de Historia da Música, ó igual que o resto das ensinanzas profesionais de música, é dobre:

- ten a función de afianzamento e a ampliación de coñecementos teóricos;
- organízase en 4 funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

3.- BASE LEGAL

A programación didáctica debe aplicarse seguindo os parámetros estipulados no currículo oficial galego. Este é o **Decreto 203/2007 do 27 de setembro**, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

4.- OBXECTIVOS

A ensinanza da historia da música no grao profesional ha ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu contorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.
- b) Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
- c) Coñecer e comprender a música de cada época, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes en cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.
- d) Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables de cada época, con vistas a obter unha visión máis global do fenómeno musical.
- e) Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, íntimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.

5.- CONTIDOS

- A música como feito social e cultural. Introducción ás fontes de información histórica e a súa utilización (recursos bibliográficos, fontes escritas, iconográficas, sonoras, etc.).
- A música na cultura occidental: formas e xéneros musicais, períodos, estilos, compositores, instrumentos, etc.
- Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico.
- A evolución da notación.
- Aproximación á organoloxía e á evolución dos instrumentos como condicionante das posibilidades técnico-interpretativas e da propia composición do repertorio.
- Aproximación crítica á periodización da historia da música.
- Planificación e realización de traballos prácticos de aproximación histórica e análise.
- Comentario de texto literario-musical. Audicións analíticas, con ou sen partitura asociada.

- Análise iconográfica.
- Interese por ampliar e diversificar os gustos musicais.
- Actitude aberta e respectuosa ante os gustos e as opinións dos demais.
- Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitados.

Os contidos anteriormente citados serán concretados e especificados en cada unha das unidades didácticas establecidas para os cursos 4º e 5º do Grado Profesional de Música e presentes nesta programación didáctica.

6.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

A continuación aparece desglosada a secuenciación das unidades didácticas ó longo do curso.

PRIMEIRO TRIMESTRE

UD 1: Presentación da materia

UD 2: Prehistoria e mundo antigo. Grecia e Roma

UD 3: O canto das liturxias cristiáns. O canto gregoriano

UD 4: A monodia profana medieval

SEGUNDO TRIMESTRE

UD 5: O nacemento da polifonía

UD 6: A polifonía aquitana

UD 7: A Escola de Notre Dame

UD 8: O ars antiqua

UD 9: O ars nova en Francia

UD 10: O trecento italiano

TERCEIRO TRIMESTRE

UD 11: A transición ó Renacemento. Ars subtilior

UD 12: Introdución á música do Renacemento

UD 13: O século XV. O primeiro Renacemento

UD 14: O século XVI

UD 15: Introdución á música do Barroco

7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1) Identificar a través da audición obras de diversas épocas e describir as súas características máis salientables. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para

captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

2) Identificar, a través da audición de obras de diversas épocas e estilos, con ou sen partitura, os trazos esenciais dos períodos histórico-estilísticos. Mediante este criterio avalíanse os coñecementos do alumnado no relativo á distinción dos estilos e as súas peculiaridades.

3) Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos representativos de diversos períodos históricos con situacións musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.

4) Realizar un comentario crítico a partir da audición dunha obra determinada, empregando un léxico axeitado. Este criterio trata de avaliar a capacidade do alumnado á hora de valorar un feito musical concreto desde unha perspectiva persoal.

5) Situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise. Mediante este criterio preténdese comprobar se o alumnado identifica e sitúa cronoloxicamente os períodos da historia da música, así como se distingue as súas principais características.

6) Relacionar a historia da música coa doutros aspectos da cultura e o pensamento. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores ou obras, no particular, dentro do contexto social e cultural en que se produciron.

7) Identificar as circunstancias de todo tipo –políticas, culturais, económicas, ideolóxicas, sociais, artísticas, etc.– que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo de cada época, estilo ou autor máis representativos da historia da música occidental. Este criterio avalía a capacidade á hora de analizar a complexidade de circunstancias e intereses que, pola súa importancia, determinan o desenvolvemento musical.

8) Realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.

9) Realizar un traballo sobre algún aspecto tratado na materia, empreñando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en que medida o alumnado é capaz de

propor e realizar, en termos aceptables, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante a autenticidade, o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas, e non a relevancia nin a oportunidade da temática.

De modo xeral, aínda que poderían variar segundo as características de cada unidade didáctica, a contribución porcentual á calificación dos distintos contidos será:

- 30% contidos conceptuais
- 40% contidos procedimentais
- 30% contidos actitudinais

Polo tanto á hora de avaliar os coñecementos dos alumnos, ademais de ter en conta os criterios xerais de avaliación, será necesario para superar a asignatura ter logrados os obxectivos didácticos específicos estipulados para cada avaliación.

UD 1: COÑECENDO A MATERIA

PRESENTACIÓN

A finalidade desta unidade didáctica será presentar ó alumno a materia, o desenvolvemento do curso, normas, contidos, etc... así como avaliar os seus coñecementos previos para que os propios alumnos coñezan o seu punto de partida.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Presentar a materia e o curso (contidos, normas de comportamento, avaliación...)
- Avaliar os coñecementos previos dos alumnos, para coñecer o punto de partida.

CONTIDOS

Conceptuais

- Presentación da materia e dos contidos propios do curso.

Procedimentais

- Realización dunha avaliación inicial respecto dos coñecementos da materia.

Actitudinais

- Toma de conciencia da importancia da materia de Historia da Música dentro do currículo no desenvolvemento do Grado Profesional.

UD 2: PREHISTORIA E MUNDO ANTIGO: GRECIA E ROMA

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

-Comprender que a música é a historia do home.

-Coñecer o contexto histórico-cultural e o significado da música na sociedade do mundo antigo.

-Coñecer e analizar, empreñando a audición con ou sen partitura, as principais características da música e dos instrumentos desta época.

-Entender os conceptos derivados da teoría musical.

-Comprender a música como un arte relacionado cas demais, e como expoñente dunha época, vistas as circunstancias sociais, culturais e políticas do seu período.

CONTIDOS

Conceptuais

-Antropoloxía. Arqueoloxía e prehistoria musical. O home e o son. Música e etnoloxía.

-A música nas civilizacións do Oriente Próximo. Mesopotamia, Exipto e Palestina. Marco xeográfico e cultural. As fontes arqueolóxicas, iconográficas e escritas. Organoloxía. A música na sociedade.

-A música en Grecia. O período xeométrico, arcaico e clásico. As orixes da teoría musical. A notación musical grega. Organoloxía.

-A música en Roma.

Procedimentais

-Escoita activa, apoiada en partituras ou en outras representacións gráficas.

-Análisis de obras representativas do mundo antigo en canto ós seus elementos formais, melodía, ritmo, textura e harmonía.

-Comentario das distintas características dos instrumentos musicais a través de láminas.

-Análise dos elementos teóricos da música grega sobre as seguintes pezas: o *Epitafio de Seikilos*, o *Stasimon de Orestes* (Eurípides) e o *Segundo Himno a Apolo*.

-Comentario sobre o significado da música na sociedade grega mediante textos escollidos dos poemas homéricos e doutros autores posteriores.

Actitudinais

-Valoración da obra musical como manifestación artística e exponente da sociedade no seu momento, considerando as demais artes así como as circunstancias históricas presentes.

-Valoración da importancia do son como expresión primigenia do ser humano.

-Valoración do aspecto expresivo das obras musicais do mundo antigo en relación coa súa finalidade.

-Gusto por coñecer o desenvolvemento tanto na organoloxía como na teoría e o proceso de creación musical.

UD3: O CANTO DAS LITURXIAS CRISTIÁNS. O CANTO GREGORIANO

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

-Coñecer o contexto histórico no que se orixinaron os ritos occidentais.

-Comentar e diferenciar as características dos distintos ritos mediante a audición.

-Coñecer o proceso de creación, implantación e difusión do canto gregoriano e o seu contexto histórico.

-Analizar, empreñando como soportes materiais a audición e a partitura, as características de calquera peza gregoriana.

-Ler en notación cadrada.

CONTIDOS

Conceptuais

-A orixe do canto litúrxico en Occidente.

-As liturgias rexionais en Oriente. O canto bizantino.

-O canto das igrexas latinas: canto galicano, ambrosiano, mozáabe, beneventano e romano.

-O pensamento musical na igrexa primitiva. Os pais da igrexa. San Agustín. Boecio. Casiodoro.

-A difusión do canto gregoriano.

-Análise e función do canto gregoriano. Características xerais. Notación. O ritmo. Os modos eclesiásticos. Formas litúrxicas do repertorio gregoriano. O repertorio paralitúrxico: tropos, secuencias e drama litúrgico.

-O pensamento musical no entorno do canto gregoriano.

Procedimentais

-Deducción das principais características dos ritos occidentais a través de audicións.

-Audicións dalgúns fragmentos das diferentes liturgias rexionais e extraer conclusións comparativas.

- Relacionar a expresión musical destas composicións co pensamento estético do período.
- Análise de distintas pezas do repertorio gregoriano.
- Comparación de gravacións realizadas por coros de monxes coas realizadas por coros profesionais.
- Estudio comparativo a través da audicións entre a música grega e a música religiosa monódica.

Actitudinais

- Valoración do aspecto expresivo destes cantos en relación coa súa finalidade religiosa.
- Respeto polas distintas formas na expresión musical dos ritos.
- Gusto polas audicións en si mesmas.
- Concienciación sobre a importancia da música gregoriana como a máis importante manifestación musical no mundo occidental durante séculos e como a fonte directa da música culta.
- Valoración da importancia da *notación cadrada* como base da nosa notación actual.

UD 4: A MONODIA PROFANA MEDIEVAL

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

-Coñecer o contexto histórico e cultural no que xurde a poesía cantada desta época.

-Entender as formas poéticas e musicais da monodia profana medieval.

-Aprender a escoitar música deste período identificándoo fronte a outros estilos e explicar as súas características.

-Ser capaz de realizar unha aproximación analítica mediante partitura e audición da música trovadoresca.

CONTIDOS

Conceptuais

-Primeiras noticias. As cancións con texto en latín. O manuscrito de Cambridge e os Carmina Burana.

-Os trobadores. Xeracións e principais representantes. Tipos e formas da poesía trovadoresca segundo o contido. Formas poéticas e musicais dos trobadores. Os instrumentos.

-Os trobeiros. Xeracións e principais representantes. Antecedentes poéticos.

-As formas musicais: letanía, secuencia, himno, rondel (rondeaux, ballade e virelai).

-A difusión da monodia profana: os minnesingers. A canción monofónica en Italia: os laudes. As cantigas españolas e galaico-portuguesas.

Procedimentais

-Audicións comentadas, coa axuda do texto e/ou partitura, dos principais poetas-músicos da monodia profana medieval, sobre as formas da poesía e da música e demais elementos musicais como modalidade, ámbito, interválica, xiros melódicos, ritmo, etc.

-Estudio comparativo entre as melodías gregorianas e o repertorio monódico profano de trobadores e trobeiros.

-Comparación mediante audicións do estilo musical dos trobadores co estilo das Cantigas de Santa María de Afonso X o Sabio e das Cantigas de Martín Codax e destas coas cantigas arábigo-andaluzas.

-Descrición, coa axuda de láminas (miniaturas das cantigas de Santa María) de tódolos instrumentos musicais.

-Recoñecemento dos instrumentos musicais visualizados nas gravacións empregadas.

-Comentario dalgún texto sobre as *vidas e razos* de trobadores e trobeiros e dalgún outro extraído do *Libro del Buen Amor* do Arcipreste de Hita.

Actitudinais

-Valoración do aspecto expresivo da lírica profana medieval en relación coa finalidade da súa composición.

-Concienciación da importancia da poesía cantada e moi especialmente en España.

-Gusto polas audicións, despertando o interese por coñecer o proceso creativo desta música e dos instrumentos musicais.

-Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.

UD 5: O NACEMENTO DA POLIFONÍA

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

-Comprender adecuadamente as primeiras formas de polifonía e o seu proceso de formación e desenrolo.

-Identificar a través da audición e partitura estas formas musicais.

-Recoñecer o contexto histórico e cultural no que xurde a polifonía.

-Entender a finalidade desta música.

CONTIDOS

Conceptuais

-Orixe e razón do nacemento da polifonía

-Descricións teóricas e exemplos das primeiras formas da polifonía primitiva: o *organum paralelo* e *paralelo modificado*.

-Evolución do organum cara o 1100: o *organum libre*.

Procedimentais

-Discriminación das diferentes formas de polifonía primitiva empreñando os escasos exemplos que se conservan e as súas audicións.

-Estudio e análise dos estilos de organum do repertorio polifónico primitivo, a partir dalgunhas das súas pezas e a súa audición comentada.

Actitudinais

-Valoración da importancia para a música posterior destes primeiros pasos na polifonía.

-Toma de conciencia do cambio estético que experimenta a música neste intre.

-Interese por coñecer o desenrolo polifónico nos seus inicios.

-Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.

UD 6: A POLIFONÍA AQUITANA

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

-Comprender adecuadamente as formas de polifonía desta época e o seu proceso de formación e desenrolo.

-Identificar a través da audición e partitura estas formas musicais.

-Recoñecer o contexto histórico e cultural no que xurde este repertorio polifónico.

-Entender a finalidade desta música.

CONTIDOS

Conceptuais

-A Escola de San Martial de Limoges. Os estilos compositivos: factura de notas tenidas e factura de discanto.

-As formas musicais: versus, tropos de Benedicamus e secuencias.

-A polifonía de Santiago de Compostela: o *Codex Calixtinus*.

Procedimentais

-Discriminación das diferentes formas de polifonía do repertorio de San Marcial, empreñando algúns dos exemplos que se conservan e as súas audicións.

-Estudio e análise dos estilos de organum do repertorio de Santiago de Compostela, a partir dalgunhas das súas pezas e a súa audición comentada.

Actitudinais

-Valoración da importancia para a música posterior destes primeiros pasos na polifonía.

-Toma de conciencia do cambio estético que experimenta a música neste intre.

-Interese por coñecer o desenrolo polifónico nos seus inicios.

-Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.

UD 7: A ESCOLA DE NOTRE DAME

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

-Coñecer o contexto histórico e cultural no que xurde a polifonía de Notre Dame e a súa finalidade.

-Saber explicar os distintos xéneros musicais empregados e practicados en Notre Dame e o seu emprego do gregoriano nestes.

-Coñecer os modos rítmicos e a notación modal.

-Aprender a escoitar música deste momento histórico identificándoa fronte a outros períodos e, particularmente, fronte á polifonía de San Martial de Limoges e Santiago de Compostela.

CONTIDOS

Conceptuais

-O organum duplum. Leonin. O *Magnus Liber organi*.

-O organum triplum e quadruplum. As cláusulas de substitución. Perotin.

-A notación modal e os modos rítmicos.

-O conductus simplex e o conductus con cauda.

-A creación do motete.

Procedimentais

-Análise das diversas formas polifónicas do repertorio de Notre Dame practicadas sobre o verso aleluiático *Pascha nostrum* (duplum, motetes).

-Análise dos quadrupla *Viderunt* e *Sederunt* de Perotin, deducindo os recursos estruturais e harmónicos dos mesmos.

-Análise dalgún conductus de Perotin, chegando a conclusións sobre os recursos polifónicos, rítmicos, etc... empregados.

-Análise das características da polifonía deste período empreñando a audición como base.

-Comentario de textos relativos o período a estudar.

Actitudinais

-Concienciación do grande avance rítmico e polifónico practicado na Escola de Notre Dame.

-Valoración do aspecto expresivo desta música interpretada *alternatium* co canto llano.

-Interese por coñecer as formas polifónicas de Notre Dame.

-Gusto polas audicións, contempladas desde a estética deste período.

-Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.

UD 8: O ARS ANTIQUA

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as suas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

-Explicar os principais cambios operados na música con respecto ó período de Notre Dame.

-Entender as características dos xéneros musicais, vogais e instrumentais, practicados no Ars Antiqua e distinguilos, empreñando como soporte a partitura e a audición.

-Coñecer os principais músicos e teóricos deste período.

-Coñecer o contexto histórico e cultural de onde xurde esta música, así como o pensamento estético desta época.

CONTIDOS

Conceptuais

-O motete religioso e profano. Motetes latinos e franceses. Motetes politextuais.

-O motete- conductus

-Avances rítmicos a finais do século XIII.

-Da notación modal á notación mensural. Franco de Colonia.

-Cancións polifónicas profanas.

-Procedementos compositivos: hoquetus, rondellus.

-Música instrumental.

-Compositores e teóricos do Ars Antiqua.

Procedimentais

-Análise de determinadas pezas e audicións comentadas das mesmas.

-Análise das características da polifonía deste período empreñando a audición como base.

-Comentario de textos relativos ao período a estudar centrándose no pensamento estético.

Actitudinais

-Valoración do carácter secular que vai adquirindo a polifonía e as consecuencias estéticas que se derivan.

-Interese polo desenvolvemento dos xéneros e as complexidades rítmicas que adquire a música desta época.

-Gusto polas audicións desta música, valorando a súa expresión en relación co pensamento estético da época.

-Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.

UD 9: O ARS NOVA EN FRANCIA

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Explicar os principais avances na música deste período con respecto ó Ars Antiqua.
- Discernir, con partitura e/ou audición, os motetes isorrítmicos respecto ós do Ars Antiqua.
- Recoñecer auditivamente e con textos as formas fixas do Ars Nova francés.
- Comentar a partir da audición, os diferentes estilos da polifonía religiosa.
- Coñecer o contexto histórico e cultural no que xurde o Ars Nova e o seu pensamento estético.

CONTIDOS

Conceptuais

- As innovacións de Philippe de Vitry.
- O motete isorrítmico
- A canción de discanto
- As formas fixas: rondeau, ballade, virelai. A chace.
- A polifonía litúrxica do século XIV. Estilos de movementos polifónicos de misas. Principias misas.
- A figura de Guillaume de Machaut.
- O Llibre Vermell de Montserrat.
- O pensamento estético do século XIV.

Procedimentais

- Análise dos elementos característicos do Ars Nova (isorritmia, isoperiodicidade, etc..) empregando diferentes exemplos do período, coa audición e a partitura.
- Traballo con textos e audicións das formas fixas do Ars Nova francés, principalmente de pezas de Machaut.
- Audición comentada da *Misa de Notre Dame* de Machaut.
- Comentario dalgún texto onde se reflexe o pensar estético do Ars Nova.

Actitudinais

-Valoración do aspecto expresivo das obras do Ars Nova en relación coa finalidade da súa composición.

-Interese por coñecer o desenrolo do proceso compositivo no Ars Nova.

-Gusto pola audición de obras desta época, valorando a súa expresión en relación co pensamento estético.

-Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.

UD 10 : O TRECENTO ITALIANO

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as suas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Explicar os principais avances na música deste período.
- Discernir, con partitura e/ou audición, as formas musicais cultivadas durante o século XIV en Italia.
- Recoñecer auditivamente e con textos as formas musicais do Trecento italiano.

CONTIDOS

Conceptuais

- Formas poéticas e musicais do Trecento italiano: o madrigal, a caccia e a ballata.
- Xeracións de compositores do Trecento italiano. Francesco Landini.
- O sistema de notación italiano.
- Fontes posteriores da polifonía italiana. Codex Rossi e Codex Squarcialupi.

Procedimentais

- Análise dos elementos característicos da polifonía do Trecento italiano empregando diferentes exemplos con partituras e audicións comentadas.
- Traballo con textos e audicións das formas musicais do Trecento italiano, principalmente das pezas de Francesco Landini.

Actitudinais

- Valoración do aspecto expresivo das obras do Trecento italiano en relación coa finalidade da súa composición.
- Gusto pola audición de obras desta época, valorando a súa expresión en relación co pensamento estético.
- Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.

UD 11: A TRANSICIÓN Ó RENACEMENTO. ARS SUBTILIOR

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

-Explicar os principais cambios experimentados a fins do século XIV na composición musical.

-Coñecer o discanto inglés.

CONTIDOS

Conceptuais

-O estilo de tendencia manierista de fins do século XIV.

-A complexidade rítmica da notación francesa.

-Algúns compositores dos manuscritos de Chantilly e Módena.

-O discanto inglés. O Manuscrito de Old Hall. Dunstable.

Procedimentais

-Deducción a partir do estudo sobre a partitura e a audición das complexidades rítmicas de fins do século XIV.

-Análise e audición dalgunha peza de Dunstable. Deducir as principais características do fauxbordon inglés.

Actitudinais

-Tomar conciencia dos cambios que experimenta a música nesta época.

-Valoración das distintas premisas estéticas de cada momento ó longo da historia da música.

-Gusto polas audicións da música deste período.

-Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.

UD 12: INTRODUCCIÓN Á MÚSICA DO RENACEMENTO

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

-Aprender a escoitar a música deste momento identificando as súas características fronte a outros períodos.

-Coñecer as pautas desta música para saber comentar as características da música do Renacemento en xeral.

-Entender a finalidade xeral da música composta neste período en cada unha das súas formas.

CONTIDOS

Conceptuais

-O contexto histórico e a periodización das diferentes etapas do Renacemento.

-Presupostos teóricos.

-Renacimiento e Humanismo.

- O Manierismo.

-Características musicais xerais.

Procedimentais

-Discriminación auditiva de obras diversas deste período, comparadas con épocas anteriores.

-Análisis de partituras cos principios rasgos deste período no tocante á melodía, harmonía, forma, etc.

Actitudinais

-Tomar conciencia dos cambios que experimenta a música nesta época.

-Valoración das distintas premisas estéticas de cada momento ó longo da historia da música.

-Gusto polas audicións da música deste período.

-Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.

UD 13: O SÉCULO XV. O PRIMEIRO RENACEMENTO

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

-Aprender a escoitar música deste momento identificando as súas principais características musicais.

-Saber comentar as características da música do século XV.

-Entender a finalidade xeral da música composta neste período en cada unha das súas formas.

-Coñecer ós principais compositores e obras deste período concreto do Renacemento.

CONTIDOS

Conceptuais

-A primeira xeración de compositores franco-flamencos. Características.

-Dufay e a misa cíclica. O motete. A chanson borgoñona.

-A notación mensural branca.

-Binchois e os últimos borgoñóns.

-A segunda xeración de compositores. Características. Ockeghem. A misa, o motete, a chanson.

-Terceira xeración franco-flamenca. Características. Josquin des Prez Misas. Motetes. Chansons.

-A música italiana no primeiro período renacentista: a frottola e outros cantos.

-Os inicios da imprenta musical

Procedimentais

-Discriminación auditiva de obras deste estilo, comparadas con épocas anteriores.


-Análise de partituras cos principais rasgos deste período no tocante a melodía, harmonía, forma, etc.

Relación, mediante diapositivas, a música do século XV coa arquitectura, pintura e escultura da mesma época.

-Comentario de textos onde se exprese o pensamento estético deste período.

Actitudinais

- Tomar conciencia dos cambios que experimenta a música nesta época.
- Valoración das distintas premisas estéticas de cada momento ó longo da historia da música.
- Gusto polas audicións da música deste período.
- Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.



UD 14: O SÉCULO XVI

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

-Poder diferenciar a música do século XVI mediante audición e/ou partitura, da dos outros períodos.

-Ser capaz de diferenciar, auditivamente ou con partitura, a música do século XVI anterior e posterior ó Concilio de Trento.

-Saber comentar as características principais da música desta etapa do Renacemento.

-Coñecer ós principais compositores e obras deste período.

-Coñecer o pensamento estético e a finalidade da música composta neste período en cada unha das súas formas.

CONTIDOS

Conceptuais

-Cuarta xeración de músicos franco-flamencos. Características

- O madrigal italiano. Etapas e características. Principais madrigalistas.

-A cultura musical nacional. A chanson parisina; o lied alemán, o romance e o villancico en España. O ayre e outras cancións inglesas. Características.

-A emancipación da música instrumental. As tablaturas para tecla e laúd.

-O Concilio de Trento

-As grandes escolas europeas. A escola romana- Palestrina; a escola veneciana- os Gabrieli.

-A quinta xeración de compositores franco-flamencos. Orlando di Lasso.

-A escola española- Tomás Luis de Victoria

Procedimentais


-Audicións comentadas de distintos autores e xéneros musicais do século XVI.

-Análise de partituras de distintos xéneros musicais, e a partir delas sacar conclusións dos rasgos máis característicos deste estilo.

- Comentario de textos que expresen o pensamento estético da época.

Actitudinais

- Tomar conciencia dos cambios que experimenta a música nesta época.
- Valoración das distintas premisas estéticas de cada momento ó longo da historia da música.
- Gusto polas audicións da música deste período.
- Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.



UD 15: INTRODUCCIÓN Á MÚSICA DO BARROCO

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer o contexto histórico e cultural no que xurde este estilo.
- Comprender a nova estética da música, en relación ó século XVI, e os cambios no pensamento musical ó longo deste período.
- Distinguir, mediante audición ou partitura, a música dos períodos do Barroco e en relación con outros estilos.
- Coñecer os principais compositores e obras desta época.

CONTIDOS

Conceptuais


- O Barroco temperán. Características xerais.
- O nacemento da ópera. Precusores. A Camerana florentina. O estilo recitativo.
- A música de cámara vogal
- A música religiosa. O estilo concertado.
- A música instrumental. Tipos
- O Segundo Barroco. Características xerais.
- A estilo bel canto. A ópera e a cantata profana. O oratorio e a paixón.
- O Terceiro Barroco. Características xerais.
- As formas instrumentais: sonata, concerto, suite e fuga.
- As figuras de J.S.Bach e G.F. Haendel. Os períodos compositivos.

Procedimentais

- Análise de diversas partituras sacando conclusións acerca dos distintos estilos da música do Barroco.
- Deducción, mediante audicións e vídeos, da evolución musical no Barroco.
- Comentarios de texto que ilustren o pensamento estético en cada momento deste período.

Actitudinais

- Tomar conciencia dos cambios que experimenta a música nesta época.
- Valoración das distintas premisas estéticas de cada momento ó longo da historia da música.
- Gusto polas audicións da música deste período.
- Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.



**CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
DE OURENSE**

**ADAPTACIÓN CURRICULAR PARA
HISTORIA DA MÚSICA
5º CURSO DE GRAO MEDIO
(PLAN LOXSE, DECRETO 253/1993)
ANO ACADÉMICO 2007-2008**

1.- INTRODUCCIÓN

Seguindo o calendario de implantación da LOE, o alumnado que actualmente cursa 5º de grao medio disporá unicamente dun curso (o actual, 2007-2008) para abordar os contidos totais desta materia.

Para dar resposta a esta situación e a estas necesidades, a continuación plantéxase unha adaptación curricular (AC) dirixida ao curso 5º de Grao Medio a partir da guía aportada pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas de Réxime Especial.

En primeiro lugar trátase de sintetizar e seleccionar o máis relevante dos contidos conceptuais que figuran no currículo do **Decreto 253/1993**, e por outra banda esta adaptación curricular pretende servir en certa medida de ponte entre o regulado no currículo que remata (LOXSE) e o que se inicia (LOE).

A materia de Historia da Música pretende atopar aplicación aos conceptos teóricos e prácticos traballados ao longo da súa formación académica e ó mesmo tempo intenta fornecer o alumnado dunha visión global, clara e sintética antes que especializada, da evolución xeral dos estilos musicais desta tradición culta, e a súa mesma crise no momento histórico máis recente, así como da súa relación co contexto cultural en que esta se desenvolve.

2.- OBXECTIVOS XERAIS

O obxectivo prioritario da materia non é a acumulación de datos memorísticos, senón que o alumnado alcance dúas metas:

1- Unha visión clara das grandes etapas en que se ten dividido a evolución da historia da música en Occidente, a través da comprensión teórica e práctica dos riscos formais de cada un destes estilos históricos: xéneros, aspectos interpretativos, aspectos construtivos, etc.

2- A comprensión da relación profunda entre o fenómeno musical e o seu contexto social e cultural. En consonancia cos postulados xerais das teorías da aprendizaxe significativa, coidamos que esta asunción da evolución dos estilos será tanto máis eficaz na medida en que logre inserirse dentro dos coñecementos xerais de historia que o alumnado ten xa adquirido no contexto da súa formación de réxime xeral. En consecuencia, a contextualización e a

conexión co contorno en que se desenvolve a praxe musical débense ter moi presentes ao longo do curso.

3.-OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Estes dous obxectivos xerais poden ser desenvolvidos e completados de xeito máis concreto, tendo en conta tanto os aspectos conceptuais como os procedementais e actitudinais:

A) Coñecer as fontes documentais e historiográficas máis significativas de cara ao afondamento, ben persoal ou ben tutelado do alumno ou da alumna, nos diferentes aspectos da materia.

B) Coñecer a periodización xeral da historia da música a través dos xéneros musicais, das obras e dos mesmos autores, de ser o caso, máis representativos de cada período.

C) Coñecer mediante a audición, con ou sen partitura, un corpus significativo da produción musical da tradición culta de Occidente.

D) Desenvolver a capacidade de comentar o documento musical desde un punto de vista histórico e formal, a partir da audición e/ou da partitura, botando man dos coñecementos xerais dos que o alumnado dispón, cun vocabulario técnico axeitado a este nivel.

E) Desenvolver a capacidade de elaborar marcos conceptuais en que encadrar o fenómeno musical dentro do seu contexto histórico, e ser capaz de interpretalo desde as claves temporais que lle son propias.

F) Lograr unha visión global da evolución das pautas de creación e consumo musical na cultura de Occidente, en relación coa evolución histórica xeral desta cultura.

G) Ampliar os horizontes estéticos do alumado pondo ao seu dispor unha mostra significativa da produción musical de Occidente, como punto de partida necesario tanto para a interpretación dos estilos históricos como para a creación contemporánea.

H) Desenvolver unha actitude aberta e curiosa, desde os puntos de vista formal como cultural, tanto fronte á variedade de estilos que a historia da música presenta como fronte aos xeitos de realizar a música que ao longo do tempo se produciron.

I) Desenvolver unha actitude crítica fronte ás narrativas totalizantes e comprender o carácter histórico do fenómeno musical e das súas interpretacións científicas e académicas, particularmente no contexto da ruptura da “gran tradición” no mundo contemporáneo.

J) Lograr unha valoración axeitada da relevancia que a tradición musical e a música actual teñen como parte da nosa cultura, e como espazos de creación e cambio desa mesma cultura.

4.- CONTIDOS E SECUENCIACIÓN

1º TRIMESTRE

UD 1. Os recursos bibliográficos e as ferramentas de consulta básicas na historia da música.

- A biblioteca: descrición e funcionamento.
- As principais obras de referencia en musicoloxía: *New Grove Dictionary of Music and Musicians*, *Diccionario de la Música Española e Hispanoamericana*, *Musik im Geschichte und Gegenwart*, *Dizionario Enciclopedico Universale della Musicisti*, *Enciclopédia da Música em Portugal no século XX* (no prelo).
- Editoras españolas de relevancia histórico-musical: Alianza, Akal, Turner, etc.
- Internet como recurso para o estudo da historia da música.
- A cita bibliográfica: función e normas aplicadas ás fontes.

Práctica

- Visita guiada á biblioteca.
- Procura de información en diferentes soportes e ferramentas de consulta.
- Elaboración de fichas bibliográficas de diversa índole.
- Elaboración de citas bibliográficas de diversas fontes.

UD 2. As fontes musicais

- Fontes manuscritas, impresas, iconográficas e sonoras: definición e descrición.
- A transmisión da música: da tradición oral á escritura musical.
- Os inicios da imprenta e a súa relación coa música. Tipoloxías de impresos musicais.
- Textos orixinais: urtext, primeiras edicións, textos definitivos, etc.

- A iconografía como fonte para a organoloxía, a historia da interpretación musical, a historia da audición musical e a historia social da música.
- Historia da fonografía: son gravado, de Edison ao *iPod*.
- Gravacións históricas, gravacións historicistas e gravacións convencionais: descrición e valoración.

Práctica

- Comparación de fontes musicais manuscritas e impresas.
- Descrición dos soportes de audio.
- Análise comparada de rexistros de audio de diferentes lecturas interpretativas de autores clásicos.

UD 3. A notación musical: do canto gregoriano ás vangardas

- Notacións monódicas: pneumáticas, de puntos e cadradas.
- Notacións polifónicas: vocais e instrumentais.
- A notación mensural branca na Península Ibérica.
- Notación ortocrónica.
- Notacións contemporáneas.
- Introducción aos principios das cifras e tabulaturas.
- Outros sistemas de cifrado.

Práctica

- Descrición, recoñecemento e transcripción de diversos exemplos notacionais.

UD 4. A monodia medieval

- A monodia relixiosa medieval: o canto gregoriano. Notas históricas sobre a orixe e desenvolvemento ata o século XV.
- Descrición formal do canto gregoriano: texto, modalidade e ritmo.
- As formas clásicas do canto gregoriano: salmodia directa, antifonal e responsorial. Funcionalidade litúrxica do canto gregoriano na misa e no oficio.
- A monodia profana medieval. Trobadores e trobeiros en Francia: orixes do fenómeno e expansión europea.
- Os xéneros da lírica trobadoresca: clasificación formal (Genrich) e temática. Riscos formais do repertorio. O amor cortés como forma de vida: trobadores e xograres.
- Os trobadores galego-portugueses: fontes e xéneros. A canción de amigo como xénero específico.

Práctica

- Audición e comentario analítico-descriptivo de obras.
- Comentario dos xéneros literarios do repertorio trobadoresco.

UD 5. A polifonía medieval

- Os fundamentos harmónicos da primeira polifonía. Exemplos das polifonías de Santiago de Compostela e Notre Dame de París.
- As grandes formas da música relixiosa: o motete medieval relixioso e profano (descrición, clasificación e evolución tipolóxica); as primeiras misas polifónicas.
- A polifonía profana e a continuación das formas trobadorescas en francés: *ballade*, *rondeau* e *virelai* na obra de Guillaume de Machaut.

Práctica

- Audición e comentario analítico-descriptivo de obras.

UD 6. A música na época do Humanismo

- O primeiro grande estilo europeo: o estilo franco-flamengo e a composición relixiosa. Descrición dos elementos formais (instrumentación, normas harmónicas, ritmo, relacións texto-música e textura), a partir da obra dos autores e autoras da xeración clásica (1480-1525) .
- Música e poesía no século XVI; o madrigal italiano: elementos formais na obra dos madrigalistas clásicos (1550-1580).
- Un exemplo de estilo local: desde o vilancico en castelán de Juan de la Encina ás cancións e madrigais en castelán de Francisco Guerrero e Juan Vázquez.
- A música instrumental: función social a través da danza e inicio da emancipación instrumental na música de tecla.
- Os editores e as coleccións de música instrumental no século XVI.

Práctica

- Audición e comentario analítico-descriptivo de obras.

2º TRIMESTRE

UD 7. A organoloxía: a evolución dos instrumentos

- A organoloxía: fundamentos históricos.
- O instrumento musical como obxecto material e como obxecto funcional.
- A crítica organolóxica: o mundo dos *luthiers*.

Práctica

- Descrición e comentario de diversos ítems organolóxicos.
- Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitados.
- Visitas guiadas a museos ou coleccións.

UD 8. A grande tradición culta, ao servizo da monarquía e da igrexa.

- A nova linguaxe musical: estilo *concertato*, baixo continuo, monodia e os inicios da harmonía moderna.
- O músico no Antigo Réxime: lugares de actuación e consumo.
- A ópera italiana, desde a corte ao teatro público. Evolución estrutural da ópera barroca e temáticas principais de Monteverdi a A. Scarlatti.
- Dous exemplos de centralismo musical: a ópera na corte de Luís XIV e a zarzuela na corte dos Austrias.
- O xurdimento do gusto público: a ópera como empresa e a aparición do concerto público no século XVIII.
- Un músico ao servizo da fe: unha aproximación sintética a obra relixiosa de J. S. Bach.
- A emancipación da música instrumental no século XVIII. Música para tecla (fuga, variacións e outros xéneros) e para conxunto (sonata e concerto).

Práctica

- Audición e comentario analítico-descriptivo de obras.
- Comentario de textos.

UD 9. O canon clásico.

- Socioloxía da música nas cortes europeas: mecenado e público.
- Elementos formais da linguaxe clásica. O estilo e a forma de sonata.
- Os xéneros da música instrumental: sinfonía, concerto, cuarteto e sonata.
- A madureza da ópera bufa a través das creacións de Mozart en Viena.

Práctica

- Audición e comentario analítico-descriptivo de obras.

UD 10. Música e palabra no século XIX

- A ópera romántica; subxéneros e temáticas: ópera grande, ópera cómica e variantes locais, ópera romántica, exotismo e verismo. Dous exemplos dispares: G. Rossini de *Il Barbieri* e R. Wagner de *Die Ring*
- A canción de concerto: o *lied*. Tipoloxía formal e temáticas. Os *lieder* en ciclos: F. Schubert e H. Wolf.

Práctica

- Audición e comentario analítico-descriptivo de obras.
- Mostra de rexistros de vídeo de ópera romántica.

UD 11. A tradición instrumental culta no século XIX e a fixación do "repertorio"

- Sinfonismo romántico: entre a tradición vienesa e a nova música programática.
- O concerto público como espectáculo. Os xéneros da música instrumental ao servizo dos grandes virtuosos: concerto, sonata e outros xéneros.
- Os novos centros de ensino musical: os conservatorios. As novas profesións musicais: a prensa e a edición musical. Mecenado e consumo musical.

Práctica

- Audición e comentario analítico-descriptivo de obras.
- Comentario de textos literarios na música vocal.

UD 12. A grande tradición no contexto dos nacionalismos históricos

- O contexto social e político dos nacionalismos. Do relato universalista aos relatos particulares. A historia e a lingua como fundamentos da nacionalidade social e política.
- As óperas nacionais: os Cinco Rusos e a Zarzuela en España.
- A canción de concerto nas linguas nacionais: a *mélodie* en francés; a canción en galego e castelán.

Práctica

- Audición e comentario analítico-descriptivo de obras.

3º TRIMESTRE

UD 13. Contar a historia da música

- A historia da historia: a historia da música como historia dos estilos.
- Os períodos históricos tradicionais: unha valoración crítica da súa formulación.
- Crítica da narrativa histórica baseada no estilo.
- A historia da música como historia de heroes e obras mestras.
- Fundamentos da historiografía musical, os inicios da disciplina e a historiografía biográfica: o caso de J. S. Bach.
- A desmitificación da sacralización da música e os músicos do pasado.

Práctica

- Elaboración de cadros sinópticos coas características e cronoloxía dos estilos musicais, exemplificados co comentario analítico de obras vinculadas a cada estilo.
- Comentario de textos (documentais, estéticos, etc.) como medio de achegamento a unha historia xeral da música.

UD 14. As primeiras vangardas

- Imperialismo e crise da grande tradición no século XX. Novos procedementos formais e ruptura do canon.
- Música, literatura e pintura no final do século XIX en Francia: a música impresionista e o seu impacto en Europa. Elementos formais. A obra pianística e orquestral de C. Debussy.
- A alternativa xermánica: música expresionista. Novos procedementos compositivos, da tonalidade á atonalidade ao dodecafonismo. A evolución do expresionismo a través da obra de A. Schönberg.

Práctica

- Audición e comentario analítico-descriptivo de obras.
- Elaboración de cadros comparativos entre a produción musical e as artes plásticas directamente relacionadas co impresionismo e o expresionismo.

UD 15. A música no período entre guerras

- A tradición dos Cinco Rusos nas obras bárbaras de Strawinsky e o camiño cara ao Neoclasicismo de Pulcinella.
- O neoclasicismo á luz do folclore: as obras de B. Bartok e M. de Falla (despois de 1919).
- Neoclasicismo e cosmopolitismo: E. Satie.
- Nacionalismos progresivos no Novo Mundo; dous exemplos: A. Copland e H. Villa-Lobos.

Práctica

- Audición e comentario analítico-descriptivo de obras.

UD 16. A música culta despois da segunda Guerra Mundial

- O concepto de vangarda na posmodernidade: cambios no concepto de obra e ruptura definitiva coa grande tradición.
- Novas ferramentas técnicas: sintetizadores de sons e computadores.
- Escola de Darmstadt e serialismo integral: P. Boulez e A. Stockhausen.

- A volta do péndulo: música de azar e música aleatoria. A alternativa de J. Cage.

- Novas tendencias nos finais do século XX: estéticas *minimal* e procesos de fusión entre estilos.

Práctica

- Audición e comentario analítico-descriptivo de obras.

- Aproximación ás novas grafías musicais.

UD 17. As músicas populares

- Capitalismo e formación do mercado de masas. Son gravado e medios de difusión masiva.

- Un primeiro estilo popular masivo: o jazz, de Nova Orleáns ata o be-bop e o experimentalismo.

- Procesos de globalización e novas etiquetas estilístico-comerciais: rock & roll, pop, metal, house, folk, etc.

Práctica

- Elaboración dun cadro estilístico-cronolóxico xeral dos estilos populares con indicacións de relacións entre estilos.

- Elaboración dun cadro específico dalgún dos estilos populares.

- Valoración de estilos populares marxinais nas grandes correntes comerciais globalizadas (rai, rap, flamenco progresivo, etc.)

UD 18. Historia da música e interpretación: a interpretación musical á luz da historia

- O concepto de música antiga: orixes e definición.

- A interpretación da música antiga: conceptos fundamentais e procedementos para a súa realización.

- O historicismo na interpretación musical: o mito da autenticidade.

Práctica

- Audición e análise de gravacións históricas, historicistas e convencionais dunha mesma obra.

- Valoración crítica de rexistros históricos.

5.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Esta AC non modifica os criterios de avaliación que actualmente se dispoñen no currículo rexido polo Decreto 253/1993, pero a continuación establécense os criterios de avaliación válidos dacordo coa adaptación curricular.

- a) Ser capaz de redactar textos ou traballos referidos a algún dos elementos dos contidos na programación, tomados directamente dela ou relacionando elementos de diversas UD: un período concreto, un xénero, un autor ou uns autores, etc. Coidamos que debe valorarse de xeito especial o manexo de diversas fontes –documentais e/ou bibliográficas– así como a capacidade expositiva respecto do texto ou traballo elaborado –ordenación do discurso, xerarquización dos conceptos, uso dun vocabulario apropiado, etc.
- b) Identificar a partir da audición e/ou da análise formal sobre a partitura os riscos formais-estilísticos que caracterizan unha obra concreta, permitindo o seu encadre histórico, xeográfico e de xénero, e relacionando o exemplo con outras obras similares, coetáneas, precedentes ou derivadas.
- c) Ser capaz de redactar un comentario estilístico-analítico con corrección, botandoman dos coñecementos técnicos propios deste nivel dos estudos de música (harmonía, análise, fundamentos de composición, etc.).
- d) Ser capaz de elaborar un comentario a partir de fontes documentais para musicais –textos, documentos, imaxes, etc.– iluminando o documento proposto desde os coñecementos conceptuais adquiridos, e relacionándoo con aqueles outros elementos que permitan unha valoración crítica e contextualizada del.
- e) Relacionar entre si obras, estilos, autores, etc., dentro dunha concepción globalizada da historia da música de tradición culta, e propor tamén unha valoración do papel social das obras no seu contexto histórico (social, económico, político, cultural, etc.) máis amplo.

De modo xeral, aínda que poderían variar segundo as características de cada unidade didáctica, a contribución porcentual á calificación dos distintos contidos será:

- 30% contidos conceptuais
- 40% contidos procedimentais
- 30% contidos actitudinais

Polo tanto á hora de avaliar os coñecementos dos alumnos, ademáis de ter en conta os criterios xerais de avaliación, será necesario para superar a asignatura ter logrados os obxectivos didácticos específicos estipulados para cada avaliación.

